



XLI COPA DEPUTACIÓN OURENSE ATLETISMO FINAL SUB14- 14/06/2024

REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo co patrocinio da Deputación de Ourense organiza a **XLI Copa Deputación Ourense – Final Sub14**, que se celebrará o **venres, 14 de xuño de 2024 na Pista de Atletismo “Josefina Salgado”** do Complexo Deportivo de Monterrei – O Pereiro de Aguiar.

2. PARTICIPACIÓN E CRITERIO DE ADMISIÓN

Poderán participar atletas con licenza da FGA na presente tempada.

Terán preferencia atletas da provincia de Ourense.

Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas (a remuda non computa).

Rexeitarase a inscrición dos atletas inscritos en máis de 2 probas, non serán admitidos en ningunha delas e non se admitirá a súa participación.

Nas remudas poderán participar 2 equipos de cada categoría por entidade.

Poderanse admitir atletas doutras provincias, fora de concurso, tendo en conta as mellores marcas da tempada 2024.

3. INSCRICIÓN

3.1 PRAZO DE INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través da extranet da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 23:59 h. do luns, 10 de xuño de 2024.

3.2 COMUNICACIÓN DE BAIXAS

As baixas serán comunicadas ao correo-e eventos@atletismo.gal ata as 14:00 h. do mércores, 12 de xuño de 2024.

No caso de incomparecencia non xustificada aplicaranse o réxime das normas técnicas da Federación Galega de Atletismo.





4. NORMAS TÉCNICAS

4.1 TÁBOAS LONXITUDE

Distancias da táboa de batida:

- Lonxitude Sub 14 → 2 m.

4.2 NÚMERO DE INTENTOS LANZAMENTOS – LONXITUDE

Lanzamentos – Lonxitude: 4 intentos.

5. RETIRADA DE DORSAIS

Os dorsais deberán ser recollidos polo Delegado do Club (ou persoa autorizada) en Secretaría con antelación suficiente á celebración da proba.

6. CÁMARA DE CHAMADAS

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de Chamadas provistos da licenza federativa ou documento de identificación oficial con foto.

Peche da Cámara de Chamadas 5 minutos antes da saída a pista.

Publicarase horario de Cámara de Chamadas co horario definitivo segundo a inscrición.

Os/as atletas deberán saír a pista coa camiseta e dorsal posto.

7. PREMIOS

Recibirán unha medalla os/as tres primeiros atletas clasificados/as de cada proba que cumpran 3 das seguintes condicións:

- Ser cidadán español (acreditado mediante o carné de identidade).
- Ser ourensán de nacemento (acreditado mediante o carné de identidade ou partida de nacemento)
- Ter domicilio legal na provincia de Ourense (acreditado mediante certificado de empadramento).
- Estar en posesión de licenza federativa por un club da provincia de Ourense para a tempada 2024.

É de obrigado cumprimento acudir ao podio, no caso contrario non se fará a entrega da medalla.





**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

8. PROGRAMA DE COMPETICIÓN – HORARIO PROVISIONAL

HORA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO	ATLETAS
19:00	Lonxitude	Sub14	Masculino	16
19:00	Xavelina	Sub14	M/F	16
19:00	220 m. v.	Sub14	Masculino	8
19:10	220 m.v.	Sub14	Feminino	8
19:20	80 m.	Sub14	Masculino	24
19:35	80 m.	Sub14	Feminino	24
19:50	500 m.	Sub14	Masculino	16
20:00	500 m.	Sub14	Feminino	16
20:00	Lonxitude	Sub14	Feminino	16
20:00	Peso	Sub14	M/F	16
20:10	150 m.	Sub14	Masculino	24
20:25	150 m.	Sub14	Feminino	24
20:40	4x80 m.	Sub14	Masculino	8 Equipos
20:50	4x80 m.	Sub14	Feminino	8 Equipos

O horario poderá ser modificado en función da inscrición.

9. NORMATIVA

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA, RFEA ou WA.



**DEPUTACIÓN
OURENSE**

Actividade subvencionada pola Deputación Provincial de Ourense